

**ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU  
TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR.  
CONVOCATORIA**

**RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29 de setembro de 2021), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 pai/nai<sup>1</sup>**, dun total de 5 que debe ter o Consello Escolar. Os outros 3 representantes de pais/nais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2018 e a designación por parte da ANPA (1), respectivamente no ano 2021.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as **14:45 horas do día 16 de novembro**.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas **do 9 de novembro, a partir das 9.15 h. ata as 14:45 horas do 16 de novembro**.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais

que non se presenten como candidatos/as, **o día 17 de novembro, ás 9:15 horas**. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.

7.- A **votación** realizarase neste Centro o **luns, día 23 de novembro, de 9.30 a 10.30 h. e de 14.00 a 17.00h**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 9:20 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de **1 nome<sup>2</sup>** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

En Baltar, a 8 de novembro de 2021.

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.: María Dolores González Piñeiro.

(1) Segundo proceda en cada caso.

(2) Segundo a situación particular de cada centro. Ver o artigo 42 do Decreto 92/1988.